

## A cultura nacional, a globalización das comunicacións e a comunidade política vinculante

David Held

A globalización da cultura ten historia longa. A formación e expansión das grandes relixións mundiais son exemplos claros da capacidade das ideas e crenzas para atravesar grandes distancias e ter impactos sociais decisivos. Non foron de menos importancia os grandes imperios antigos, coma a o Romano que, sen control militar e político directo, mantivo os seus dominios xuntos por medio dunha cultura de clase gobernante compartida e extensiva (Millar et al, 1967; Mann, 1986). Durante a maior parte da historia humana, esas culturas extensivas das clases gobernantes atravesaron o mosaico fragmentado das culturas locais e os particularismos; había poucos atrancos entre o centro político e as aldeas. Só coa aparición dos estados-nación e das culturas nacionais callou unha forma de identidade cultural entre eses dous polos.

Co agromar dos estados-nación e dos proxectos nacionais, transformouse a organización espacial da cultura. Os estados-nación tomaron control das prácticas educativas, das políticas lingüísticas, dos sistemas de correos e doutras actividades parecidas. Sexa como for, a partir do século dezaioito, segundo os imperios europeos se expandiron e unha serie de innovacións técnicas comezaron a ter efectos prácticos de grande alcance (nomeadamente o transporte mecánico regularizado e mailo telégrafo), cristalizaron formas novas de globalización cultural. As ideas e argumentos máis importantes que xurdiron de Occidente durante esa era foron a ciencia, o liberalismo e mailo socialismo (Held et al. 1999, cap. 7). Cada un destes modos de pensamento –e mailas prácticas correspondentes– transformaron as culturas das clases gobernantes de case tódalas sociedades do planeta. Abofé que tiveron impacto máis considerable nas culturas nacionais e locais do que Nike, Coca-Cola, McDonalds e os máis dos grupos de música pop.

Sexa como for, a extensión, intensidade, velocidade e volume absoluto de comunicación a escala universal do período posterior á Segunda Guerra Mundial non tiveran precedentes (UNESCO, 1950, 1986, 1989, OECD 1997). A difusión global da radio, televisión, Internet, das técnicas dixitais e de satélite fixeron posible a comunicación instantánea, fixeron inefectivos moitos controis e pasos de fronteira para a información, e fixeron que moita xente quedara exposta a produtos e valores culturais diversos (Silverstone 2001, pp. 15-17). Exemplo elocuente son as cifras do público de *Os vixiantes da praia* (*Baywatch*); estimouse que viron cada episodio máis de dous billóns de persoas! Aínda que as barreiras lingüísticas seguen a ser un atranco para estes procesos, o dominio global do inglés (nomeadamente en actividades do mundo dos negocios, a política, a administración, a ciencia, as actividades académicas e maila informática) fornece unha infraestrucutra lingüística que vai en paralelo ás infraestruturas técnicas da época. En contraste con períodos anteriores nos que os estados e mailas teocracias eran cruciais para a globalización cultural, o período actual caracterízase porque as corporacións son as principais produtoras e distribuidoras de produtos culturais. As institucións privadas internacionais non son novas, pero o impacto que teñen si. As axencias de noticias e as editoriais de períodos anteriores tiñan alcance moito máis limitado cós bens de consumo e produción cultural das corporacións globais de hoxe en día.

Aínda que a vasta maioría dos devanditos produtos culturais veñen de Estados Unidos de América, non quere iso dicir que esteamos perante un caso sinxelo de “imperialismo cultural”. Unha das características sorprendentes deste noso período ou era global é o robustas que amosaron se-las culturais nacionais e locais (Appadurai, 1990). As institucións nacionais seguen a ser cruciais para a vida pública, á vez que as audiencias ou públicos nacionais seguen a reinterpretar constantemente produtos extranxeiros de maneiras novas (véxase Thompson, 1995). A cuestión fundamental é o impacto futuro da comunicación e mailos fluxos culturais nas culturas nacionais e locais, tamén no noso senso de identidade persoal, na identidade nacional e na política. Trataremos dese debate na próxima sección.

### A cultura nacional e os seus presupostos

O agromar do estado-nación moderno e dos movementos nacionais alterou a paisaxe da identidade política. As condicións implicadas na creación do estado moderno axudaron decote a xerar certo senso de nacionalidade. Particularmente, os requisistos militares e administrativos do estado moderno “politizaron”

as relacións sociais e mailas actividades do día a día (Giddens, 1985; Mann, 1986). Pouco e pouco, algunha xente foise facendo consciente de que eran membros dunha comunidade política compartida, de que tiñan un destino común. Aínda que a natureza desa identidade en ascenso era decote inicialmente vaga, co tempo foise facendo máis definida e precisa (Therborn, 1977; Turner, 1986; Mann, 1987).

A consolidación de ideas e narracións relativas á nación e maila nacionalidade estivo vinculada a moitos factores, entre eles: o intento das elites gobernantes e dos gobernos para crear unha identidade nova que lexitimase o incremento do poder estatal e a coordinación da regulamentación política (Breuilly 1982); a creación, por medio do sistema de educación masivo, dun marco común de entendemento (ideas, significados, prácticas) para incrementar o proceso de modernización coordinado polo estado (Gellner, 1983); o agromar de sistemas de comunicación novos (nomeadamente de medios novos, como foron os prelos e mailo telégrafo), dos editores independentes e dun mercado novo para o material impreso -que facilitaron a comunicación interclasista e a difusión das historias, mitos e rituais nacionais, quere dicir, unha comunidade imaxinada (Anderson 1983) nova; tamén, construída sobre o sentido histórico da patria e mailas lembranzas profundamente arraigadas, a consolidación das comunidades étnicas por medio dunha cultura étnica común, de dereitos e deberes legais compartidos, e dunha economía que creaba mobilidade para os membros da comunidade dentro dun territorio delimitado (Smith, 1986, 1995).

Mesmo alá onde o establecemento dunha identidade nacional era un proxecto político explícito perseguido polas elites, dificilmente era invención de cabo a rabo. Está ben documentado que as elites nacionalistas procuraron activamente xerar certo senso de nacionalidade e compromiso coa nación (unha “comunidade de destino nacional”). En todo caso, segundo advertiu acertadamente un observador, non se pode concluír que as elites “inventasen nacións onde non existían” (Smith, 1990, pp. 180-81). A “nación en potencia” non era ningunha entidade cultural ou social grande, era, máis ben, unha “comunidade de historia e de cultura” que ocupaba un territorio particular e que decote facía reclamacións de ter tradición distintiva de dereitos e deberes comúns para os seus membros. Consonte a iso, moitas nacións “construíronse sobre o fundamento de “cernas étnicas” premodernas das que os mtios e mailas lembranzas, valores e símbolos conformaron a cultura e mailas fronteiras da nación que as elites modernas se apañaron para amañar” (Smith, 1990, p. 180; e véxase Smith, 1986). A identidade que os nacionalistas loitaron para manter dependía, en grande parte, de descubrir e explota-la “ethnohistoria” dunha comunidade e de salienta-la distintividade no mundo dos valores políticos e culturais en competencia (Hall 1992).

Abofé que a construción de nacións, identidades nacionais e estados-nación foi sempre obxecto de disputas rípidas e as condicións para o desenvolvemento exitoso de cada unha delas nunca se sobrepuxo enteiramente ás outras (véxase Held et al., 1999, pp. 48-49, 336-40). As fronteiras establecidas do estado moderno abranxeron xeralmente grupos lingüísticos, culturais e étnicos diversos de inclinacións e lealdades distintas e mesturadas. As relacións entre eses grupos, secomasí entre os grupos e os estados, foi disputada e decote fonte de conflitos amargos. Ó remate do século dezanove e tamén ó cabo do vinte, o nacionalismo converteuse nunha forza que apoiou e reforzou a formación do estado nalgúns lugares -pomos por caso, en Francia- e desafiouno ou reformouno noutros -por exemplo, en estados multiétnicos da caste de Hespaña ou do Reino Unido (véxase Held et al., 1999, pp. 337-38; Appadurai, 1990).

Sexa como for, malia a diversidade dos nacionalismos e dos seus obxectivos políticos, a pesar do feito de que as máis das culturas nacionais teñen menos de douscentos anos, as forzas políticas “novas” crearon termos de referencia política fundamentalmente novos no mundo moderno -termos de referencia que parecen hoxe tan ben arraigados que moitos pobos, se non a grande maioría deles, danos por garantidos e teñen por practicamente naturais (véxase Barry 1998). Con efecto, os defensores da primacía da identidade nacional contrastan as súas cualidades duradeiras e o atractivo fondo das culturas nacionais coas cualidades efémeras e sucedáneas dos produtos das corporacións de medios de comunicación transnacionais (véxase Smith, 1990; e Brown, 1995). Á vista de que as culturas nacionais estiveron primordialmente preocupadas pola consolidación das relacións entre identidade política, auto-determinación e mailos poderes do estado, son, e seguirán a ser, segundo este argumento, fontes de importancia formidable na orientación ética e política.

A significación política do nacionalismo, xunto co desenvolvemento e consolidación do estado, foi o cerne da teoría política moderna. A teoría política, en xeral, tomou o estado-nación a xeito de punto de referencia fixo e tentou situa-lo estado no centro das interpretacións da natureza e da forma idónea do ben político (Dunn 1990, pp. 142-160). A teoría e maila práctica de democracia liberal engadíronlle matices importantes a esta posición. O caso é que no marco da democracia liberal, mentres que as fronteiras territoriais e o estado-nación demarcan os límites espaciais propios do ben político, a articulación do ben político está directamente vinculada coa cidadanía nacional. O ben político é inherente a un proceso de participación política no que a vontade colectiva se determina por medio de representantes electos (Bobbio 1989, p. 144) e ten que se especificar por medio dese proceso político.

A teoría do ben político na política territorial moderna fundaméntase nunha serie de presuposicións que merecen certo esforzo de clarificación (véxase Miller 1995, 1999; Held, 1995, cap. 10). Son estas as de que unha comunidade política está idóneamente constituída e delimitada (ou “vinculada”)<sup>1</sup> cando:

1. Os membros correspondentes teñen unha identidade sociocultural común; quere dicir, comparten certa comprensión, explícita ou implícita, dunha cultura e tradición, lingua e patria distintiva que os vincula a xeito de grupo e forma unha base (se non é a base por antonomasia), recoñecida ou non recoñecida, das súas actividades.
2. Hai un marco común de “prexuízos”, propósitos e obxectivos que xera un ethos político común, quere dicir, unha “comunidade de destino” imaxinada que conecta os seus enviados directamente a un proxecto político común (a noción de que forman un pobo que se debería gobernar pola súa conta).
3. Hai (ou está en desenvolvemento) unha estrutura institucional que protexe e representa a comunidade, que actúa en nome dela e promove o interese colectivo.
4. A “congruencia” e maila “simetría” prevalecen nas relacións entre os “gobernantes” e mailos “gobernados”, entre os que deciden as eleccións políticas e os que as executan, quere dicir, as comunidades nacionais “programan” as accións, decisións e medidas políticas dos correspondentes gobernos, e os gobernos determinan que é correcto ou apropiado para os seus cidadáns.
5. Os membros disfrutan, por mor das catro condicións devanditas, dunha estrutura de dereitos e deberes común, quere dicir, poden facer reclamacións, e poden ter expectativas razoables, de certos tipos de tratamento equitativo, quere dicir, teñen esperanza en certos tipos e principios igualitarios de xustiza e participación política.

Segundo a descrición que vimos de facer, as concepcións apropiadas do que é correcto para a comunidade política e os seus cidadáns derivan das raíces culturais, políticas e institucionais, das tradicións e fronteiras. Son estes elementos os que xeran os recursos (conceptuais e organizativos) para a determinación do correspondente destino e fortuna. O sufixo desta concepción da comunidade vinculante (ou delimitada, “*bounded community*”) é un principio de xustificación que implica certo pensamento comunitario significativo: o discurso ético non se poder xerir da “forma de vida” dunha comunidade; as categorías do discurso político son parte integral dunha tradición particular; e, por último, os valores de tal comunidade teñen prevalencia sobre os requisitos globais ou se lles imponen (Walzer, 1983; Miller 1988, 1995; MacIntyre 1981, 1988).

#### A globalización das comunicacións e da cultura

Os globalistas opóñense a cada unha das devanditas proposicións e fan crítica de todas elas. Din, en primeiro lugar, que a identidade compartida das comunidades políticas foi historicamente o resultado de esforzos de construción política intensivos, nunca veu dada (Cf. Gellner, 1983; Anderson 1983; Smith 1995). Mesmo dentro das fronteiras de comunidades establecidas hai moito tempo, a identidade cultural e política é decote obxecto de disputa por e entre as distintas clases sociais, divisións de sexo, lealdades locais, agrupacións étnicas e xeracións. A existencia dunha identidade política compartida non se pode derivar sinxelamente dos símbolos de identidade nacional vociferantemente proclamados. O significado deses símbolos adoita discutirse e o “ethos” da comunidade débete con frecuencia. Os valores comúns dunha comunidade poden ser obxecto de disputas acesas. Xustiza, responsabilidade e imperio da lei son só algúns dos termos a partir dos que pode parecer que hai unha lingua compartida; porén, pode haber concepcións moi diferentes deses mesmos termos. Con efecto, se por “consenso político” se entende integración normativa no seo dunha comunidade, resulta logo moi infrecuente (Held 1996, parte 2º; e véxase, tamén, máis adiante). A identidade política dáse só por excepción, por exemplo durante as guerras;

---

<sup>1</sup> O orixinal inglés pon, dende o título a expresión “*bounded political community*”, que se pode entender en termos territoriais a xeito de “comunidade política deslindada” e en termos xurídicos e políticos a xeito de “comunidade política vinculante”. Traduciuse, segundo o contexto das aparicións “*bounded political community*” ou “*bounded community*” por comunidade deslindada ou comunidade vinculante, desfecendo un tanto a sistematicidade e anáforas do texto de Held.

é un fenómeno singular, unitario. Amais, os axentes políticos “reflexivos” contemporáneos, suxeitos a unha diversidade de información e comunicación extraordinaria, poden verse influídos por imaxes, conceptos, formas de vida e ideas de ben lonxe das súas comunidades inmediatas e poden chegar a se identificar con grupos que están alén das súas fronteiras -étnicas, relixiosas, sociais e políticas (Thompson, 1998; Held et al. 1999, cap. 8; Keck e Sikkink, 1998). Amais, aínda que non hai razón para supor que se identificarán acriticamente con ningún deles, as ideas escollidas por iniciativa propia, as solidariedades ou as relacións, ben poden ser máis importantes para a identidade dalgunha xente do que a condición de “membro dunha comunidade de nacemento” (Thompson 1998, p. 190; cf. Giddens 1991; Tamir 1993). A identidade cultural e política está a se revisar de continuo e reconstrúese tanto no aspecto individual coma no colectivo.

En segundo lugar, o argumento que empraza o valor cultural e mailo ben político firmemente no terreo da nación-estado fracasa á hora de considerar ou apreciar propiamente a diversidade de comunidades políticas que os individuos poden apreciar -e o feito de que os individuos poden implicarse coherentemente en asociacións ou colectividade diferentes a niveis diferentes e para obxectivos diferentes (Thompson, 1998). É perfectametne posible, por exemplo, disfrutar da condición de membro e dos dereitos de voto, pomos por caso, en Escocia, no Reino Unido e en Europa sen traicionar necesariamente a identificación ou lealdade a ningunha desas tres entidades políticas (véxase Archibugi, Held e Köhler, 1998). É perfectametne posible, amais, identificarse fortemente cos obxectivos e ambicións dun movemento social transnacional (preocupado por cuestións ambientais, de discriminación sexual ou dereitos humanos) sen comprometer outras solidariedades políticas máis locais. Tal pluralización de orientacións e lealdades políticas pode vincularse á erosión da capacidade do estado para manter unha identidade política singular perante as migracións, os desprazamentos de traballadores e a globalización das comunicacións. Cada vez máis, as comunidades políticas exitosas teñen que traballar non contra, senón con moitas identidades, culturas e agrupacións étnicas. O multiculturalismo, e non a cultura nacional é, cada vez máis, a norma (Parekh, 2000).

En terceiro lugar, a globalización está a “baleirar” a soberanía e autonomía dos estados. Segundo os globalistas, as institucións estatais e mailos axentes políticos son, cada vez máis, “a estadea” (Beck 1992; Giddens 1999b). As estratexias políticas contemporáneas comportan facilita-la adaptación ós mercados mundiais e ós fluxos económicos transnacionais. O axuste á economía internacional (ós mercados financeiros, por riba de todo) convírtese nun punto fixo de orientación nas políticas sociais e económicas. Os “sinais de decisión” destes mercados, secomasí dos correspondentes axentes principais e das tendencias que neles se dan, convírtense nun patrón de toma de decisión racional, se é que non viran o patrón de decisión racional por antonomasia. Os estados xa non teñen a capacidade e os instrumentos políticos requeridos para respoder ós imperativos do cambio económico global; en troques, deben axudar ós individuos, ós cidadáns, a chegar onde queren por medio da provisión de recursos sociais, culturais e educativos (Giddens, 1999<sup>a</sup>). Consonte ó devandito, as funcións do estado en calidade de representante e protector da comunidade territorial, en calidade de recadador e (re)distribuidor de recursos entre os seus membros e en calidade de promotor dun ben compartido deliberadamente probado e independente, están todas en decadencia.

Cuarto, o destino da comunidade nacional xa non está nas súas propias mans. Os procesos políticos, económicos e ambientais rexionais e globais redefinen o contido das tomas de decisión nacionais. Amais, as decisións tomadas por organizacións case-rexionais ou case-supranacionais da caste da Unión Europea, Organización Mundial do Comercio, Fondo Monetario Internacional ou OTAN diminúen o rango das opcións políticas abertas ás “maiorías” nacionais. De xeito similar, as decisións de estados particulares (non só as das nacións máis poderosas no eido militar ou económico) poden ter ramificacións que cruzan as fronteiras, circunscribindo e reformando o terreo político. As comunidades políticas están, logo, incrustadas nun conxunto considerable de procesos que as conectan a configuracións complexas facendo que decote teñan que tomar decisións quer reactivas, quer subsidiarias; non decisións propiamente ditas ou por iniciativa propia.

Quinto, as comunidades nacionais están collidas en redes de gobernanza rexional e global que alteran e comprometen a súa capacidade de prover unha estrutura común de dereitos, deberes e benestar para os correspondentes cidadáns. Dos dereitos humanos ós réximes comerciais, o poder político está a reconfigurarse e rearticularse. Cada vez máis, os patróns ou modelos contemporáneos de globalización están asociados cun sistema de gobernanza multiestratificado. Collidos nun campo de forzas xeográficamente diversas, os gobernos nacionais teñen que reconsiderar os seus papeis e funcións. Aínda que a intensificación das relacións políticas rexionais e globais diminuíu os poderes dos gobernos nacionais, cada vez se reconece máis que o abastecemento e incremento do ben político require acción multilateral coordinada, pomos por caso, para preve-la recesión global e incrementa-lo crecemento sostible, para protexe-los dereitos humanos e interceder cando se violan de maneira brutal, tamén para actuar en prevención de catástrofes ambientais da caste do deterioro da capa de ozono ou do quencemento

global. Está a darse un cambio do goberno á gobernanza de multinivel.<sup>2</sup> Consonte a iso, o nexa institucional do ben político está a se reconfigurar.

Cada unha das cinco proposicións formuladas polos teóricos da cultura nacional e do estado nacional moderno poden contrastarse con posicións mantidas polos globalistas. Entón, a comunidade política e mailo ben político requiren, segundo a descrición dos globalistas, entenderse da seguinte maneira:

1. É cada vez máis frecuente que os individuos manteñan lealdades complexas e identidades multiestraticadas, en correspondencia coa globalización das forzas económicas e culturais e coa reconfiguración do poder político.
2. O desenvolvemento continuado dos fluxos globais de recursos e redes de interacción rexionais, internacionais e globais, xunto co recoñecemento por un número cada vez máis grande de xente da crecente interconexión das comunidades políticas (en ámbitos tan diversos coma o social, cultural, económico e mailo ambiental) xera certa conciencia da sobreposición das “sortes colectivas” que requiren solucións colectivas. A comunidade política empeza a se reimaxinar en termos rexionais e globais.
3. Hai unha estrutura institucional que comprende elementos de gobernanza local, nacional e rexional. A diferentes niveis, as comunidades individuais están protexidas e representadas (aínda que adoito de xeito imperfecto); os correspondentes intereses colectivos requiren tanto avance multilateral coma axuste doméstico (local e nacional) se é que teñen que se soste e promover.
4. Complexos procesos económicos, sociais e ambientais, redes cambiantes de axencias (ou “institucións activas”) rexionais e internacionais, secomasí produtos das decisións de moitos estados atravesan espazos locais nacionalmente delimitados con determinadas consecuencias para as opcións políticas e os temarios das cuestións públicas sobre os que se discute. A globalización altera de xeito decisivo o que unha comunidade nacional pode pedir do seu goberno, o que os políticos poden prometer e lograr, e a gama de pobos afectados polos produtos (ou “resultados”) do goberno. As comuniddes políticas están a ser “reprogramadas”.
5. Os dereitos, deberes e benestar dos individuos só se poden defender adecuadamente se os subscriben réximes, leis e institucións rexionais e globais. A promoción do ben político e dos principios igualitarios da xustiza e maila participación política poden procurarse acertadamente en niveis rexionais e globais. As condicións de posibilidade están inextricablemente vinculadas ó establecemento de organizacións e institucións de goberno transnacionais. Nunha era global, as organizacións e institucións transnacionais son o fundamento de relacións cooperativas e de conducta xusta.

Consonte ó devandito, o que é correcto para a comunidade política individual e os seus cidadáns, segundo a descrición dos globalistas, ten que saír da reflexión sobre os procesos que xeran a imbricación das sortes nacionais. O mundo contemporáneo “non é un mundo de comunidades pechas con formas de pensamento mutuamente impenetrables, economías autosuficientes e estados idealmente soberanos” (O’Neill 1991, p. 282). O discurso ético non só se pode separar das formas de vida na comunidade nacional, senón que hoxe está a se desenvolver na intersección e nos intersticios de comunidades, tradicións e linguas que se sobrepoñen. As categorías dese discurso ético son, cada vez máis, resultado da mediación de culturas, procesos de comunicación e modos de comprensión diferentes. Non hai boas razóns dabondo para permitir, en principio, que os valores das comunidades políticas individuais teñan prevalencia ou se impongan sobre os principios globais da xustiza e maila participación política. Se para os tradicionalistas o discurso ético está, e segue a estar, firmemente arraigado na comunidade política delimitada (ou vinculante, “*bounded community*”), para os globalistas pertence claramente ó mundo das “fronteiras rachadas” á “comunidade mundial” ou á “orde global”.

---

<sup>2</sup> Sobre a noción de “gobernanza” tal e como se emprega neste artigo, véxase as distintas contribucións á recompilación coordinada por Held e McGrew (2002). Cf. D. Held e A. McGrew (eds.), *Governing Globalization*. Cambridge, Polity Press, 2002.

A esperanzada ou compracente noción de gobernanza que expón David Held, pode contrastarse coa máis crítica exposición das artes de goberno das sociedades modernas esquematizada por Michel Foucault na conferencia “Qu’est-ce que la critique? [Critique et Aufklärung]”. Cf. Michel Foucault, “Qu’est-ce que la critique [Critique et Aufklärung]”, *Bulletin de la Société française de Philosophie*, a. 84, n°2, 1990, pp. 35-63. (Hai versión castelá “Qué es la crítica (Crítica y Aufklärung)” en Michel Foucault, *Sobre la ilustración*. Madrid, Tecnos, 2003, pp. 3-52.

Neste artigo non hai espazo abondo para avaliar tódalas reclamacións das dúas posicións devanditas. Sexa como for, a xeito de conclusión, gustaríame facer algunhas puntualizacións adicionais e indica-la plausibilidade dunha terceira posición, nin tradicionalista nin globalista, senón cosmopolita.

As principais reclamacións dos globalistas teñen o momento álxido cando se centran no cambio institucional e procesual que se aprecia nos dominios da economía, a política e as cuestións medioambientais, pero teñen o intre máis vulnerable cando fan consideracións sobre movementos de xente e sobre as correspondentes vinculacións e identidades culturais e morais. As probas das que dispomos suxiren que as culturas nacionais (e locais) seguen a ser vizosas; as institucións nacionais seguen a ter impacto crucial na vida pública en moitos estados; a televisión e maila radiodifusión nacional seguen a ter audiencias substanciais; a organización de prensa e a cobertura informativa mantén raigames nacionais fortes; as audiencias nacionais len e reinterpretan de maneiras novas os produtos de importación, quere dicir, os produtos de importación “índixenízanse” ben logo (Miller 1992; Liebes e Katz, 1993; Thompson, 1995). Amais, hai probas que indican que non hai un conxunto de lembranzas comúns e globais; non hai unha maneira global de pensar; tampouco hai “historia universal” ningunha dende a que ou por medio da cal a xente poida sentirse unida. Só hai un conxunto múltiple de significados e sistemas políticos por medio do que se pode loitar para acadar influencia toda nova conciencia global, política multicultural ou discurso sobre os dereitos humanos (véxase Bozeman, 1984; Silverstone, 2001). Á vista das raíces fondas das etnohistorias e culturas nacionais, e das moitas maneiras en que se reforman decote, non pode ser isto sorpresa ningunha. Malia os vastos fluxos de información, imaxinería e xente que circula polo mundo adiante, só hai, no mellor dos casos, uns cantos signos de que estea en marcha unha historia universal ou global e hai poucos signos de que decaia a importancia do nacionalismo.

Houbo un cambio do goberno á gobernanza de multinivel, do estado moderno a un sistema multiestrático de poder e autoridade, dos sistemas económicos e de comunicación relativamente autónomos ou discretos á imbricación a niveis rexionais e globais. Porén, hai pouco fundamento para pensar que se dera efectivamente a concomitante difusión e pluralización das identidades políticas. Excepción disto pode se-la da elite da orde global (redes de expertos e especialistas, persoal administrativo de rango alto, executivos das transnacionais) e daqueles que vixían e disputan as actividades deses grupos de elite, a complexa constelación de movementos sociais, sindicalistas e (só uns cantos) políticos e intelectuais. En todo caso, mesmos estes últimos grupos teñen intereses e obxectivos significativamente diversos, diversidade que se fixo claramente manifesta nas protestas “antiglobalización” de Seattle, Genova e outros lugares. A énfase dos globalistas na transformación das identidades políticas é desmedida. O que escribiu un comentarista verbo da Unión Europea podería adaptarse para dicilo, no tocante a moitos aspectos, do resto do mundo: o paradoxo crucial é que a gobernanza convértese cada vez máis nunha actividade de niveis múltiples, de institucionalización intrincada, nunha actividade espacialmente dispersa, mentres que a representación, a lealdade e maila identidade seguen firmemente arraigadas nas comunidades tradicionais étnicas, rexionais e nacionais (Wallace 1999, p. 521).

Cómpre engadir unha cualificación importante ós argumentos que vimos de expór, unha precisión que se centra no cambio xeracional. Aínda que os que teñen algunha preocupación pola orde global en conxunto, e polas institucións de gobernanza global, son unha minoría distinguida, tamén se fai evidente certa división xeracional. Comparados coas xeracións que medraron antes de 1939, os nados despois da Segunda Guerra Mundial teñen máis trazas de verse a xeito de cosmopolitas, de apoia-lo sistema de Nacións Unidas e de estar a favor do movementos libre de emigrantes e do comercio. No examinar datos do Eurobarómetro e do Informe de Valores Mundiais (*World Values Survey*), que inclúen datos de setenta países, Pippa Norris concluíu que “a análise de grupos de idade suxire que, a longo prazo, a opinión pública está a se mover nunha dirección máis internacional” (Norris, 2000, p. 175). As xeracións que medraron con Yahoo!, MTV e CNN confirman esa tendencia e teñen máis trazas de ter certo senso de identificación global, aínda que estea por ver se a tal tendencia cristaliza nunha posición maioritaria e xera unha orientación política claramente centrada.

O cambio que leva do goberno á gobernanza é, logo, potencialmente un cambio inestable, capaz de reversión nalgúns aspectos e abofé que capaz de xerar unha reacción forte -unha reacción amparada na nostalgia, en concepcións idílicas da comunidade política, de hostilidade cara ós foráneos (inmigrantes e refuxiados), e á procura dun estado nacional puro (pomos por caso, a política de Haider en Austria). Sexa como for, tamén esta reacción é de seu moi inestable, fenómeno de curto ou medio prazo. Para entender por qué é que é así, cómpre descompor en elementos o que é o nacionalismo. O “nacionalismo cultural” é

crucial para identidade da xente e, segundo tódalas aparencias, vaino serguir sendo; porén, o nacionalismo político (a afirmación da prioridade política exclusiva da identidade nacional e mailo interese nacional) non pode fornecer moitos bens públicos e valores procurados sen se adecuar a outros, por medio da colaboración rexional e global. A este respecto, só o punto de vista cosmopolita pode, ó cabo, adecuarse ós desafíos políticos dunha era máis global, marcada polas comunidades de destino que se sobrepoñen e pola política de multinivel ou multiestrática. A diferenza do nacionalismo político, o cosmopolitismo indica e reflicte a multiplicidade de cuestións, procesos e problemas que afectan e vinculan á xente, independentemente do lugar no que naceran ou residan.

O cosmopolitismo preocúpase pola revelación dos fundamentos culturais, éticos e legais da orde política nun mundo no que as comunidades políticas e os estados teñen importancia, pero non importancia exclusiva. Remóntase, polo menos, á descrición que os estoicos fixeran de si a xeito de cosmopolitas: “seres humanos que viven nun mundo de seres humanos e que só incidentalmente son membros de comunidades políticas” (Barry 1999, p. 35). A énfase estoica na natureza moralmente continxente da condición de membros dunha comunidade política parece anacrónica despois de douscentos anos de nacionalismo. Sexa como for, o que non é anacrónico nin está fóra de lugar é o recoñecemento da parcialidade, unilateralidade e limitación das “razóns da comunidade política” ou “razóns de estado” cando se xulgan dende a perspectiva dun mundo de “comunidades de destino sobrepostas” no que as traxectorias de todos e cada un dos países están estreitamente vinculadas. Pode concibirse que os estados son os vehículos para axudar á distribución de regulamentación pública efectiva e de xustiza e dereitos equitativos, pero non se debería pensar que son entidades ontoloxicamente privilexiadas. Isto é o que hoxe debe se-lo punto de partida do cosmopolitismo para, a partir de aí, construír unha concepción robusta do fundamento idóneo da comunidade política e das relacións entre comunidades. A concepción kantiana disto, fundada nun modelo de interacción humana ancorado na copresencia, non pode ser fundamento idóneo (Held, 1995, cap. 10). Cómpre reelabora-lo cosmopolitismo para unha era nova.

Qué viría sendo ese cosmopolitismo novo? . No pouco espazo do que aquí dispomos, non podo desprevalo que me parece a natureza multidimensional do cosmopolitismo (véxase Held 2002). Sexa como for, gustaríame rematar cunhas cantas palabras verbo do cosmopolitismo cultural. O cosmopolitismo cultural non está defrontado coa cultura nacional; non nega a diferenza cultural, nin a significación perdurable da tradición nacional. Non vai contra a diversidade cultural. Son poucos os cosmopolitas contemporáneos que manteñen ese punto de vista, se é que hai algún que o faga (véxase, por exemplo, Waldron 1999; Barry 2000). Diríase, máis ben, que o cosmopolitismo cultural debería entender á maneira de capacidade para mediar entre culturas nacionais, comunidades de destino e estilos de vida alternativos. Abranxe a posibilidade de diálogo coas tradicións e discursos de outros co fin de expandi-los horizontes do marco de prexuízo e significado propio (Gadamer, 1975). Os axentes políticos que poden “razoar dende o punto de vista dos outros” están mellor equipados para resolver, e resolver equitativamente, as desafiantes cuestións transfronteirizas que crean as comunidades de destino sobrepostas. O desenvolvemento desta caste de cosmopolitismo cultural depende do recoñecemento por un número crecente de pobos da interconexión crecente de comunidades políticas en dominios diversos, e o desenvolvemento dunha comprensión da sobreposición das “sortes colectivas” que requiren solucións colectivas (local, nacional, rexional e globalmente).

O cosmopolitismo cultural enfatiza a posible fluidez da identidade individual (“a salientable capacidade da xente para crear identidades novas usando de fontes culturais diversas, e para prosperar segundo o van facendo” (Scheffler 1999, p. 257). Celebra, segundo di Rushdie, “a hibridez, a impureza, a mestura e as transformacións que veñen de combinacións novas e inesperadas de seres humanos, culturas, ideas, políticas, filmes e cancións” (citado en Waldron, 1992, p. 751). Sexa como for, o cerne do cosmopolitismo consiste tamén na habilidade para estar fóra dun emprazamento singular (o emprazamento natal, a terra, o lugar de crianza ou conversión) e para mediar entre tradicións. En todo caso, non temos garantías da medida en que este punto de vista pode prevalecer, pois ten que sobrevivir e andar a cobadazos polo recoñecemento de par de tradicións nacionais, étnicas e relixiosas fondas (véxase Held e McGrew 2000, pp. 13-18 e parte 3ª). Trátase dunha orientación cultural e cognitiva, non de inevitabilidade da historia.

Os requisitos cernes do cosmopolitismo cultural inclúen:

\*O recoñecemento da interconexión das comunidades políticas en dominios diversos, incluídos o social, económico e ambiental.

\*O desenvolvemento da comprensión da sobreposición das “sortes colectivas” que requiren solucións colectivas (local, nacional, rexional e globalmente).

\*A celebración da diferenza, diversidade e hibridez, á vez que aprendemos a “razoar dende o punto de vista doutros” e mediar entre tradicións.

Igual cá cultura nacional, o cosmopolitismo cultural é proxecto cultural, mais cunha diferenza: adáptase mellor e é máis idóneo para nosa era global e rexional.

## BIBLIOGRAFÍA